



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, Laura Seara Sobrado e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A EDAR do Concello de Outes foi construída hai máis de doce anos, rematándose a execución da mesma no ano 1995.

Esta Estación de Depuradora de Augas Residuais estaba prevista para 3.000 habitantes/equivalentes, sendo responsabilidade do Concello de Outes o seu funcionamento e explotación.

Nesta actuación a Xunta de Galicia invertiu 1.219.764 euros, ao que hai que engadirle á rede de colectores xerais nos que tamén invertiu 2.660.000 euros, o que da un total de case catros millóns de euros.

A poboación de Outes no ano 1995 era de preto de 10.000 habitantes. Dende aquela ata hoxe este concello sufriu un claro descenso demográfico, unha perda de poboación que supera os dous mil habitantes, estando hoxe a poboación recoñecida polo INE en 7.751 habitantes.

Dende hai algúns meses hai unha gran inquietude na poboación outiense pola falta de información ao respecto do funcionamento da citada EDAR.

Esta inquietude é maior no sector marisqueiro do concello, que a día de hoxe aglutina a máis de 800 familias que viven da extracción de recursos mariños na ría de Noia e Muros.



Grupo Parlamentario

Diante destes feitos, e dada a inexistente información sobre o funcionamento da EDAR por parte do goberno municipal, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.- Que información posúe o organismo público Augas de Galicia sobre o funcionamento da EDAR de Outes?

2.- Que controis sobre o funcionamento da EDAR ten feito a Xunta de Galicia a través do seu departamento correspondente?

3.- Que controis ou inspeccións ten feito Augas de Galicia sobre o funcionamento da EDAR de Outes e a rede de saneamento deste concello?

4.- Que información posúe a Xunta de Galicia sobre vertidos directos á ría no termo municipal de Outes?

5.- Ten previsto a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible incrementar os controis ambientais neste concellos?

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Laura Seara Sobrado
Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 19/03/2007 18:03:19

Laura Seara Sobrado na data 19/03/2007 18:03:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/03/2007 18:03:36